

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, VENRES, 13 DE FEBREIRO DE 2026**PRESIDENCIA****VIGO**

12,30 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado da conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, participará no acto de celebración do vehículo 15 millóns transportado a través do Porto de Vigo.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**A CORUÑA**

10,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, presentará a campaña *Nestas datas, que non sobren as sobras!* contra o desperdicio alimentario con motivo do Entroido.

Posteriormente, **ás 11,15 h.**, visitará a praza de abastos das Conchiñas, que tamén participa na iniciativa.

BERGONDO (A Coruña)

13,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará o centro da Asociación Provincial de Forneiros Artesáns (Aprofar) para informar da nova orde das accións formativas para desempregados (AFD).

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL**CERDIDO (A Coruña)**

13,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, fará unha visita con motivo das axudas do Fondo de Compensación Ambiental.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO**CASTROVERDE (Lugo)**

12,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitará as instalacións de Ariosa para informar sobre as axudas para gasolineiras do rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RIBAS DE SIL (Lugo)

17,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, asistirá á festa de Entroido infantil.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

ALLARIZ (Ourense)

14,00 h.- O delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Manuel Pardo, visitará o parque empresarial de Chorente.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

LALÍN (Pontevedra)

10,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, informará sobre a nova convocatoria das axudas encamiñadas á habilitación e mellora dos parques empresariais.

PONTEVEDRA

12,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, acompañado pola directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, María José Echevarría Moreno, visitará o Mercado de Abastos con motivo da campaña contra o desperdicio alimentario *Nestas datas, que non sobren as sobras!*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

10,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, reunirse cos organizadores do *Feelant Impact Summit*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

A CORUÑA

10,00 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, visitará o complexo deportivo de Elviña I, unha vez rematadas as obras de remodelación.

PARLAMENTO

12,00 h. (aprox.)- A directora xeral de Mobilidade, Judit Fontela, responderá na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos unha pregunta relacionada co seu departamento.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

CIDADE DA CULTURA

10,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, participará nunha xornada sobre a xestión en Galicia de fenómenos meteorolóxicos adversos.

SAN LÁZARO

13,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, reunirse co alcalde de Carral, José Luis Fernández Mouriño.

MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)

17,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada da delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará unha actuación acometida cunha axuda da Xunta para espazos naturais protexidos.

A LARACHA (A Coruña)

18,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada da delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará o sendeiro do Saldoiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, visitará as actividades do Entroido do Colexio de Roxos.

CIDADE DA CULTURA

12,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, participará no acto de lanzamento da futura Lei de aprendizaxe permanente.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

9,30 h.- (aprox.) A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, será entrevistada no programa *Bos Días* da Televisión de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- O director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila, presidirá o Observatorio da Eólica Mariña. Na Sala de Xuntas do Inega (rúa Avelino Pousa Antelo, 5).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

9,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto ao secretario xeral de Vivenda e Urbanismo, Heriberto García Porto, asistirá á reunión do Consello de Administración de Sociedade de Vivenda Pública de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MOAÑA (Pontevedra)

12,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto coa directora da Axencia Galega de Infraestruturas, María Deza, informarán sobre o novo itinerario na estrada autonómica PO-313, en Broullón.

PARLAMENTO

10,30 h.- O secretario xeral de Vivenda e Urbanismo, Heriberto García Porto, comparecerá a petición propia na Comisión 2ª para informar sobre o primeiro ano de funcionamento da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia-VIPUGAL.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

A CORUÑA

11,00 h.- O xerente do Servizo Galego de Saúde, José Ramón Parada, acompañado do xerente da área sanitaria da Coruña e Cee, Luis Verde, visitará a Unidade de Neurorehabilitación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

OURENSE

12,45 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, asistirá á presentación do libro *Del Orense Antigo y otras colaboraciones. Ramón Otero Pedrayo en La Región 1958-1960*.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

13,00 h.- O secretario xeral de Lingua, Valentín García, e a directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, presentarán a 15ª edición do certame *Lingua de Namorar*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ESTRADA (Pontevedra)

20,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, asistirá á homenaxe ao humorista estradense Antonio Gíao Caramés, Padre Xiao, no marco da programación do Entroido.

TUI (Pontevedra)

20,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, asistirá ao concerto de presentación do novo disco de Samuel Diz *El mal de l'amor: The Songbook of Gustavo Durán*.

O PORRIÑO (Pontevedra)

10,30 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, visitará a empresa Zendal, participante no programa Xuventude Mentoring.

LALÍN (Pontevedra)

16,30 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, visitará o Espazo Xove.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

MIAMI (Estados Unidos)

Convocatoria en hora local, 15,30 h. en Galicia

09,30 h.- O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, manterá unha reunión de traballo cos responsables da Cámara de Comercio de España-Estados Unidos en Miami.

Convocatoria en hora local, 18,00 h. en Galicia

12,00 h.- O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, manterá unha reunión de traballo coa cónsul xeral de España en Miami, Belén Alfaro Hernández.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O INCIO (Lugo)

12,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada pola directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro, fará unha andaina polo souto de San Pedro para poñer en valor as axudas ás agrupacións forestais de xestión conxunta.

PARLAMENTO

10,30 h.- O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, comparecerá a petición propia na Comisión 7ª para informar da xestión do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) no seu departamento. Posteriormente, contestará unha pregunta nesta mesma comisión, na que tamén participará o director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño, quen responderá outras dúas cuestións.

CONSELLERÍA DO MAR

RIBADEO (Lugo)

12,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, acompañada do presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, visitará o porto.

SAN CAETANO

17,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, e a conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, participarán por videoconferencia no Consello Consultivo de Política Pesqueira e Política Agraria para Asuntos Comunitarios.

VIGO

12,00 h.- A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, asistirá á cerimonia de graduación 2024-2026 do segundo curso dos Ciclos Medios e Superiores de Navegación e Máquinas do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal